

Expediente IET: P-22-011
Proxecto: Parque Eólico Monte Festeiros
Concello: Silleda e Forcarei (Pontevedra)
Promotor: AV Monte Festeiros SL

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 19/04/2022 o Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto do Parque Eólico Monte Festeiros.

1. Antecedentes:

Con datas do 21/09/2011 e 22/03/2012 a Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, emitiu informes sobre o proxecto do parque eólico Monte Festeiros, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Con data do 12/06/2013 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulou a declaración de impacto ambiental (DIA) sobre este proxecto.

Como consecuencia do inicio dun novo procedemento de avaliación ambiental do proxecto, con data do 10/02/2022, o IET emitiu un informe de impacto e integración paisaxística, de acordo co previsto no artigo 11.3 da Lei 7/2008. Nese informe indicábase que o estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) elaborado non se axustaba completamente ao disposto na Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e ao Regulamento da Lei 7/2008. Así mesmo facíanse unha serie de consideracións sobre distintas medidas que debería adoptar o proxecto para minimizar os impactos e acadar unha mellor integración paisaxística.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).



De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

3. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

A documentación achegada polo Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra consiste nunha addenda (marzo 2022) ao EIIP. Nesta addenda lévase a cabo unha análise da incidencia das posicións 1, 2, 9 e 10 e as súas infraestruturas de servizo sobre os afloramentos rochosos existentes. Complétase a análise de visibilidade do parque eólico, ampliándoa a un radio de 20 km e tomando de referencia a punta da pa. Analiza a incidencia visual de xeito individual sobre os elementos de valor da paisaxe e demais puntos de observación. Xustifica a elección de distintos modelos de aeroxeradores en base as servidumes aeronáuticas do aeroporto de Santiago de Compostela. Xustifica tamén como se incorporaron ao proxecto as directrices de paisaxe. Propoñendo por último unha serie de barreiras vexetais a fin de minimizar a visibilidade dende diversos puntos de observación.

Da análise de visibilidade levada a cabo na addenda extráese o forte impacto producido polos aeroxeradores no norte da AEIP Serra do Candán e Montes do Testeiro así como en toda a súa vertente occidental, se ben o ámbito máis próximo ás posicións 1 e 2 non comparte as características propias de serra da AEIP, tratándose dunha zona de borde con textura agraria. Pola contra, o entorno do BIC Mosteiro de Aciveiro, elemento caracterizador da delimitación da AEIP nese ámbito, si se verá fortemente afectado pola posición 2.

Da identificación e clasificación dos afloramentos rochosos, conclúese na addenda que no caso da posición 2 non se verán afectados, propoñendo para as outras tres posicións analizadas (1, 9 e 10) o axuste dos seus camiños e plataformas a fin de minimizar a afección aos mesmos.

Se ben as plantacións vexetais que se formulan na addenda son axeitadas para mitigar os impactos visuais nos núcleos de poboación e elementos de valor, non se considera axeitado o emprego de *Cupressus x leylandii*, por tratarse de especies ornamentais non autóctonas.

4. Conclusión:

Estes contidos veñen a completar o EIIP do proxecto polo que pode considerarse cumprimentado o disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

O principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual producida polos aeroxeradores, que pola súa forma e altura, serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará durante todo o tempo en que estean instalados os aeroxeradores, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Neste caso, entre as zonas afectadas pola incidencia visual cabe destacar a AEIP Serra do Candán e Montes do Testeiro e a AEIP Monte de San Sebastián, o miradoiro situado nesta última AEIP así como a Vía da Prata e os sendeiros e núcleos máis próximos. Esta incidencia visual non se considera crítica, pero pode ser especialmente forte no ámbito máis próximo á posición 2, particularmente na contorna do Mosteiro de Aciveiro.





No relacionado coas medidas de integración paisaxística, e concretamente coas barreiras vexetais, deberá estudarse necesariamente a localización das mesmas no entorno do Mosteiro de Aciveiro, na contorna e proximidades do recinto, para reducir a incidencia visual dos aeroxeradores sobre o mesmo; en todo caso empregaranse preferentemente especies autóctonas propias do ámbito. Así mesmo, para reducir a incidencia visual da subestación, deberase manter unha franxa de vexetación autóctona no seu perímetro.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto como é o caso das barreiras vexetais.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

